

<p>Instalamos a nosa composteira baixo unha maceira...</p> <p>a) ...para que lle dea sombra no verán e non lle quite o sol no inverno.</p> <p>b)...para que caian dentro as follas da maceira e, así, xa non ter que recollelas.</p>	<p>Saberías decir que letra falta nesta palabra...</p> <p>C M P S T A X E</p>	<p>Para que se faga ben a compostaxe, cada vez que lle engadimos restos verdes (tonas de froitas, patacas, restos de verduras) debemos botarlle unha capa por riba, de restos secos ou marróns (toxo picado, restos de poda triturados, follas secas...)</p> <p>VERDADEIRO OU FALSO</p>
<p>Cales destas cousas podemos botar á composteira...?</p> <p>a) as botellas de vidro</p> <p>b) os restos de froitas e verduras</p> <p>c) as follas secas das árbores</p>	<p>Saberías dicir que dúas cousas non debemos botar na composteira?</p> <p>a) plásticos</p> <p>b) as tonas das patacas</p> <p>c) vidros</p>	<p>Recollemos as follas das árbores do xardín, onde as botaremos...?</p> <p>a) no colector do lixo</p> <p>b) na composteira</p>
<p>De camiño á escola, Helena contalle á súa amiga Sabela que os seus pais puxeron unha composteira no xardín, e aí van botando os restos verdes da cociña e do xardín. E que, de 3 a 6 meses máis tarde, de aí sairá o COMPOST, que é un abono boísimo para as plantas da horta e xardín.</p> <p>VERDADEIRO OU FALSO</p>	<p>Cal destas dúas cousas no debemos botar á composteira...</p> <p>a) os excrementos dos cans e gatos</p> <p>b) os excrementos de coellos e galiñas</p>	<p>Para que se faga ben o compost, hai que remover a pila dos restos cada semana, para airealo e que non se apelmace.</p> <p>VERDADEIRO OU FALSO</p>

<p>Para que se faga ben o compost, a pila debe ter algo de humidade, así que debemos:</p> <p>a) ...regala todos os días, para que estexa ben mollada</p> <p>b)...regala só cando vexamos que está moi seca</p>	<p>Saberías dicir que letra falta nesta palabra...</p> <p>A B _ N O</p>	<p>Se botamos os restos vexetais na composteira en lugar de botalos ao colector do lixo, ..ESTAMOS AFORRANDO CARTOS e AXUDANDO a MELLORAR o MEDIO AMBIENTE</p> <p>VERDADEIRO OU FALSO</p>
<p>Cal destas cousas NON debemos botar nunca á composteira...?</p> <p>a) auga</p> <p>b) pintura</p>	<p>Saberías dicir qué dúas cousas SE PODEN botar na composteira?</p> <p>a) aceite</p> <p>b) restos das verduras</p> <p>c) a herba cortada do xardín.</p>	<p>Cortamos a herba no noso xardín, onde a botaremos...?</p> <p>a) no colector do lixo</p> <p>b) na composteira</p>
<p>O COMPOST tarda uns meses en converterse nun ABONO, moi bo para as nosas plantas da horta ou xardín.</p> <p>VERDADEIRO OU FALSO</p>	<p>Cal destas dúas cousas SI podemos botar á composteira?</p> <p>a) os restos (borras) de facer o café</p> <p>b) o aceite de fritir usado.</p>	<p>Para que se faga ben o compost, precísase aire (oxíxeno) para que os pequenos animalíños que axudan a formalo podan vivir</p> <p>VERDADEIRO OU FALSO</p>

